



Boletín Informativo Xuvenil

BIX

XUVENTUDE
soutomaior

Nº 2017-2



2do Trimestre ABRIL - MAIO - XUÑO / 2017

EDUCACIÓN / FORMACIÓN

INSCRIPCIÓN ATA

21
ABRIL

CURSO DE FOTOGRAFÍA BÁSICA (12 h)

Ofrecer os coñecementos mínimos en fotografía con teoría e práctica sobre estética e crítica da imaxe. Funcionamento da cámara. Tempo de exposición. Diafragma e histograma. Encadre e distancia focal. Composición coa luz e a cor.

- **Metodoloxía:** dinámicas cooperativas nas execucións prácticas, xincanas fotográficas e saídas ao exterior para realizar as prácticas.
- **Destinatarios/as:** a partir de 12 anos todas as idades.
- **Posibles horarios:**
Opción 1: 15,22,29 de maio e 5 de xuño de 17,30 a 20,30
Opción 2: 15,22,29 de maio e 5 de xuño de 16,30 a 19,30
- **Matrícula:** 15€ empadroados/as; 30€ non empadroados/as.
- **Prazo de inscrición:** ata 21 de abril ou ata cubrir prazas.

INSCRIPCIÓN ATA

4
MAIO

APRENDE A APRENDER: Obradoiro de técnicas de estudo (6 h)

Análise individual da forma de estudar, onde e como estudar, revisión de obxectivos individuais de

estudo e os fallos que cometes, motivación e aplicación de técnicas efectivas, o traballo en grupo, sacarlle partido ás diferentes intelixencias múltiples, técnicas de relaxación e autocontrol ante as tensións provocadas polos exames.

- **Metodoloxía:** exercizos prácticos, dinámicas de grupo, xogos de rol, etc.
- **Grupo 1:** 5º e 6º primaria
Data e horario: luns 8,15,22,29 maio de 16,30 a 18,00 h
- **Grupo 2:** 1º e 2º ESO
Data e horario: luns 8,15,22,29 maio de 18,00 a 19,30 h
- **Matrícula:** 3€ empadroados/as; 6 € non empadroados/as.
- **Prazo de inscrición:** ata 4 de maio na OMIX ou ata cubrir prazas (máximo 12/grupo)

INSCRIPCIÓN
ABERTA

CURSO PREPARATORIO PARA A OBTENCIÓN DA ESO

Traballamos os contidos que se integran no programa de educación de persoas adultas da Xunta coa finalidade de prestar un apoio ás persoas interesadas en presentarse aos exames das probas libres da ESO para maiores de 18 anos.

- **Destinatarios/as:** a partir de 18 anos
- **Datas:** desde febreiro ata maio.
- **Horarios:** luns e xoves de 18,30 a 20,30 h
- **Cota:** ABRIL – MAIO 15 €/30€
- **Exames:** 1º convocatoria 2 xuño; 2ª convocatoria 7 setembro
- **Lugar:** Multisusos, Arcade.

INSCRIPCIÓN ATA

28
ABRIL

CURSO DE MONITOR/A DE COMEDOR ESCOLAR (40h)

Trataremos os obxectivos dos programas escolares Referencias legislativas. Funcións, competencias e habilidades dos/as monitores/as Escolares. Características psicolóxicas e físicas dos/as nenos/as. Necesidades Educativas Especiais. Alimentación e nutrición. Hábitos saudables. Trastornos alimentarios e especiais. Boas prácticas na manipulación das comidas preparadas e alérxenos. Planificación do servizo de comedor e actividades. Prevención de accidentes e primeiros auxilios. Relacións interpersoais.

- **Metodoloxía:** o curso terá unha duración de 40 h (20 teóricas + 20 prácticas) . Para rematar o curso con éxito



Faite Voluntari@_Plan Municipal de Voluntariado

Súmate á experiencia do altruismo e do voluntariado no teu Concello. Máis info na OMIX: 986 700 822

haberá que ter ambas partes superadas. As prácticas realizaranse en comedores escolares situados no concello ou nos concellos limítrofes en horario de comedor escolar durante unha semana nos seguintes horarios aproximados: primeira hora da mañá de 7,30 a 9,00 e a medio día 13,30 a 16,30 h.

- **Destinatarios/as:** maiores de 16 anos
- **Datas e horario da parte teórica:** martes e venres de 16,30 a 20,30 h os días 2,5,9,12,19 de maio.
- **Matrícula:** 15 € empadroados/as; 50 € non empadroados/as.
- **Prazo de inscrición:** ata 28 de abril. Prazas limitadas (mínimo 15 máximo 23)

INSCRICIÓN ATA

6

XUÑO

CURSO CARNÉ DE MANIPULACIÓN DE ALIMENTOS (3,5h)

Formación persoa manipuladora de alimentos, conservación dos alimentos, como realizar a manipulación hixiénica, as enfermidades de orixe alimentaria, o lavado e desinfección de utensilios, dependencias e locais onde se preparan ou serven alimentos, etc.

- **Destinatarios/as:** maiores de 16 anos
- **Horario:** pendente
- **Data de realización:** venres 10 de xuño
- **Matrícula:** 12 € empadroados/as; 18 € non empadroados/as.
- **Prazo de inscrición:** ata 6 de xuño.

SAÚDE / PREVENCIÓN

INSCRICIÓN ATA

22

XUÑO

MOCEANDO! obradoiros sobre relacións afectivo sexuais e identidade.

Esta actividade é unha proposta lúdico-formativa para falar de sexualidade abertamente. Para que a mocidade sexa máis responsable nas súas relacións eróticas e atope respostas a todas as preguntas dun xeito seguro, obxectivo e profesional.

- **Prazo de inscrición** nestes obradoiros: ata o 22 de xuño.
- **Imparte:** Centro Quérote. *Son de balde!*

OBRADOIRO 1:

“DIVERS@S” a diversidade
afectivo-sexual

MARTES
27
XUÑO

Introducción de conceptos relativos á identidade sexual e á orientación do desexo humano. Somos diversos e diversas? Como se manifesta o noso desexo? Non te quedes con dúbidas!!!

- **Destinatarios/as:** mocidade de entre 12 e 16 anos.
- **Data e horario:** martes 27 de xuño de 11 a 13 h

XOVES

29
XUÑO

OBRADOIRO 2:

SEGURO PRACER!
educación afectivo sexual

Falaremos da prevención de embarazos non planificados e infeccións de transmisión sexual. O uso do preservativo masculino, feminino e banda de látex. Promover a corresponsabilidade no uso, disposición e accesibilidade aos preservativos, así como a súa axeitada conservación.

- **Destinatarios/as:** Mozas e mozos de 14 a 25 anos
- **Data e horario:** xoves 29 de xuño de 11 a 13 h

CREATIVIDADE, LECER, TEMPO LIBRE E PARTICIPACIÓN XUVENIL

MARTES

25

ABRIL

INCUBADORA DE PROXECTOS

Foro informativo

Informaremos sobre os programas Erasmus+, Iniciativa Xove, Voluntariado Xuvenil e Galeuropa. Como presentarse, actuacións e financiamento.

Difundir entre a mocidade a información e as ferramentas para poder levar a cabo o desenvolvemento e execución de proxectos de participación xuvenil de calidade.

- **Destinatarios/as:** entidades de carácter xuvenil ou mozos e mozas que queiran presentar propostas no marco do programa Iniciativa Xove ou outros similares.
- **Datas:** martes 25 de abril de 19,30 a 20,30 h
- **Lugar:** Multiusos, Arcade
- **Inscricións previas:** na OMIX ata o 21 de abril



Falar inglés nunca foi tan fácil
Únete ao noticiario Xuvenil

Infórmate na OMIX
986 700 822

omix@soutomaior.com

MÉRCORES
26
ABRIL

MÉRCORES
10
MAIO

EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA:

Éxodus: Na procura do refuxio

Esta exposición reflicte a ollada dos fotoxornalistas galegos Felipe Carnotto e Adrián Irago. As fotografías, realizadas entre setembro e outubro de 2015, documentan as vivencias das persoas refuxiadas que foxen de distintos conflitos bélicos para chegar a Lesbos e percorrer os Balcáns na procura dun novo fogar en Europa.

- **Datas:** desde 26 de abril ata 10 de maio
- **Inauguración:** mércores 26 de abril ás 12,00 h
- **Lugar:** Multiusos, Arcade
- **Horario:** luns, martes, xoves e venres de 15,30 a 20,30 h e os mércores de 9 a 14 h

SÁBADO
13
MAIO

XINCANA LITERARIA LETRAS GALEGAS 2017

Realizarase unha Xincana Literaria cons seis estacións polas que se pasará tras ir superando unha serie de probas onde se conseguirán as pistas para adiviñar un/ha escritor/a galego/a.

Haberá tamén xogos tradicionais, grandes xogos con paracaídas e a proba final que será a Xincana do Castelo que é unha estación onde tamén teredes que ir superando probas para conseguir o "premio final" que é a conquista do Castelo de Soutomaior.

- **Destinatarios/as:** desde 4 a 14 anos (participarase en grupos de idades).
- **Data e horario:** sábado 13 de maio de 16,30 a 19,00 h
- **Lugar:** Alameda de Talorio
- **Prazo de inscrición:** ata 9 maio na OMIX

INSCRICIÓN ATA
28
ABRIL

X CONCURSO "VERBAS PARA... Comunicar"

O obxectivo é a promoción do uso da lingua galega entre a mocidade e conmemorar o día das Letras Galegas.

Modalidades:

A) **Texto:** redacción dun texto en lingua galega que transmita unha idea, sentimento, opinión, etc., que nos gustaría compartir con outras persoas. Só presentación individual. O tamaño do texto non

poderá ser superior ás 12 liñas

B) **Audiovisual:** elaboración dun vídeo (curta) e audio (tema musical) cunha duración máxima de 5 minutos. Pode presentarse de xeito individual ou grupal (3 máximo). Presentar en USB. Pode ser gravado con móbil ou cámara. Acéptanse tamén en calidade HD. Mensaxe en galego escrita ou verbal.

- **Tema e estilo:** libre.
- **Destinatarios/as:** alumnado da ESO, bacharelato e FP.
- **Categorías:**
 - **Categoría A:** idades de 12 a 14 anos.
 - **Categoría B:** idades de 15 a 20 anos.
- **Prazo de presentación:** ata o 28 de abril. Entrega de premios en maio para conmemorar o día das Letras Galegas. Pedir as bases na OMIX

Outras actividades xa en marcha:

BAILES LATINOS

Destinatarios/as: maiores de 14 anos
Datas e horario: martes 21,00 a 22,00

DANZA DO VENTRE

Destinatarios/as: maiores de 14 anos
Datas e horario: xoves de 21 a 22 h

PONTE EN FORMA

Destinatarios/as: a partir de 14 anos
Datas e horario: de mañá ou de tarde.

GUITARRA: española

Destinatarios/as: a partir de 7 anos
intermedio: martes de 17,30 a 18,30 h
medio/avanzado: martes de 18,30 a 19,30 h
iniciación: martes de 19,30 a 20,30 h

ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO

infantil: 4 a 8 anos; sábados de 12,00 a 13,30
xuvenil 1: 9 a 12 anos; venres de 20,00 a 21,30
xuvenil 2: 13 a 18 anos; luns de 16,00 a 17,30

ESCOLA DE DEBUXO E PINTURA

Itinerario 1: ESPERTANDO A CREATIVIDADE
4 a 7 anos - venres de 16,30 A 17,30 H
Itinerario 2: INFANTIL debuxo e pintura
8 a 11 anos- venres de 17,30 a 18,30 h
Itinerario 3: XUVENIL debuxo e pintura
12 a 17 anos - venres de 18,30 a 20,30
Itinerario 4: ADULTO debuxo e pintura
+18 anos - venres de 18,30 a 20,30

INSCRICIÓN ATA
30
XUÑO

ENCONTRO DA MOCIDADE "SAN SIMÓN 2017"

Encontro xuvenil en formato campamento onde o programa de actividades lúdicas e educativas reforzará valores como a convivencia, o respecto, a tolerancia e a igualdade.

- **Destinatarios/as:** 12 a 17 anos
- **Datas e horario:** 21,22,23,24 de agosto
- **Lugar:** Illa de San Simón
- **Custe:** 50€ empadroados/as; 147€ non empadroados/as. *Inclúe: actividades, material, persoal titulado, pernocta en instalacións da Illa, mantención completa, seguridade.*
- **Material necesario:** consultar información específica na OMIX.
- **Prazo de inscrición:** na OMIX desde 22 de maio ata 30 de xuño ou ata cubrir prazas (mínimo 25 e máximo 50 prazas). Consultar bases.

VENRES
16
XUÑO

IX FESTIVAL DANZARTE, 2017

PROGRAMACIÓN:

1- Actuación de grupos municipais de pintura, bailes, etc.

2- Inauguración da exposición de debuxo e pintura "OS/AS NOSOS/AS ARTISTAS 2017" (ata 1 de xullo no Multiusos, Arcade)

- **Data:** Venres 16 de xuño ás 21,30 h
- **Lugar:** Multiusos, Arcade (auditorio exterior)

CLAUSURA DOS PROGRAMAS DA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO / Multiusos, Arcade

VENRES
30
XUÑO

Ás 21,00 h
G. Xuvenil 2: "Como a vida mesma"

SÁBADO
1
XULLO

Ás 20,30 h
G. Infantil: "Mamá gatiña"
G. Xuvenil 1: "Os trasnos de Pitocairo"

SÁBADO
8
XULLO

V CONCURSO DE KARAOKE

Actuacións amateur de persoas que se inscriben e se animan a cantar.

- **Data:** sábado 8 de xullo ás 22,30 no Multiusos, Arcade (auditorio exterior)
- **Participantes:** a partir de 6 anos
- **Prazo para inscribirse:** ata 16 de xuño.
- **Máis información:** pedir as bases e o listado de cancións na OMIX. Tamén se pode consultar o listado na webs:
www.soutomaior.com
www.gabinetesoutomaior.com

+ SERVIZOS/PROGRAMAS

Información

Xuvenil xeral

Bolsas, concursos, axudas, ofertas emprego, programas de mobilidade, cursos, etc..

Asesoramento

Estudos / laboral
asociacionismo / voluntariado
/ iniciativas xuvenís



Subscricións

BIX
SOUTONEWS
TOKAPP

(APP para recibir información no mobil)



Sigue o enlace deste Código QR.
Hai moito máis de Xuventude.

Para acceder co teu teléfono deberás descargar unha aplicación de lectura de código QR, moitas aplicacións son de balde.

MÁIS INFORMACIÓN E INSCRICIÓN



Concellería de Xuventude - OMIX

Multiusos, r/ Peirao, 8 / 36690 (Arcade)
Teléfono: 986 700 822
omix@soutomaior.com
www.soutomaior.com/xuventude
www.gabinetesoutomaior.com

- As prazas son limitadas, teñen preferencia as persoas empadroadas no Concello de Soutomaior.
- Consultar resto de condicións na OMIX.

HORARIO

de luns a venres de 15,30 a 20,30 h
agás o mércores que é de 9 a 14 h

Síguenos en:



YouTube

